

Xoves, 13 de xullo de 2023

Núm. 135

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL**ESTRADA, A****Recadación***PREZO PÚBLICO EIM XULLO 2023**EDICTO*

Mediante o Decreto da Alcaldía núm 1298/2023, do 6 de xullo de 2023, aprobouse a liquidación correspondente ao Prezo público polo servizo de gardería municipal de XULLO DE 2023 cun importe de : 2.731,35 € e un total de 92 usuarios.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria aplicable á facenda das entidades locais e aplicando o disposto no artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 do marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, quedan expostos ao público durante o prazo de 15 días para o seu exame e para a reclamación por parte das persoas interesadas. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Contra as débedas consignadas nos padróns contributivos e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, as persoas interesadas poderán interpor os seguintes recursos:

- Reposición, perante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
- Contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de 6 meses dende a súa interposición, se non o fose.
- Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideraren oportuno.

Prazo de ingreso: o período voluntario de cobranza dos tributos indicados, para o Concello da Estrada, será do día 6/7/23 ao 6/9/2023, ámbolos dous inclusive.

Lugar de ingreso: en calquera oficina das entidades bancarias de Abanca, empregando o instrumento de cobramento que se facilitará ao departamento de Tesourería.

A non recepción ou calquera outro erro nos datos consignados no documento de cobramento non exime da obriga de pagamento (artigo 102 da Lei xeral tributaria). As persoas contribuíntes que non recibisen ou extraviasen o xogo de impresos correspondente, disporán ata o último día do prazo citado para solicitar un duplicado nas dependencias municipais.



Xoves, 13 de xullo de 2023

Núm. 135

Advírtese ás persoas contribuíntes que poden facer uso da domiciliación bancaria para o pagamento segundo o disposto no artigo 38 do Regulamento xeral de recadación.

Días de ingreso: días hábiles, no horario de caixa establecido pola entidade colaboradora referida para o pagamento dos recibos non domiciliados.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen que se satisfixese a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, a devindicación da recarga correspondente e os demais conceptos esixibles, tal e como se fixan nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Asinado dixitalmente na marxe

O alcalde,

